

CONVOCATORIA DO CONCURSO DE TRASLADOS:

- CORPO FACULTATIVO SUPERIOR:
MEDICINA, PSICOLOXÍA, PEDAGOXÍA
 - CORPO FACULTATIVO DE GRAO MEDIO:
ENFERMERÍA, FISIOTERAPIA, TRABALLO SOCIAL,
EDUCACIÓN SOCIAL, TERAPIA OCUPACIONAL.
 - CORPO DE AXUDANTES DE CARÁCTER
FACULTATIVO:
GOBERNANTE/A.
- CORPO DE AUXILIARES DE CARÁCTER TÉCNICO:
AUXILIARES DE CLÍNICA

PRAZO DE SOLICITUDE:
(23/07/25 A 13/08/25)
[ENLACE AO DOG](#)



UGT



**Servizos
Públicos
Autonómica**

Quen pode participar?



Persoal funcionario de carreira:

- Dos corpos e escalas de Administración especial e escalas da agrupación profesional da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que se relacionan no anexo I
 - Sempre e cando transcorresen **2 anos** desde que accedese ao **posto definitivo**.
 - Agás que este sexa de **LD**: neste caso non se exixirá permanencia
 - Non obstante o persoal de **novo ingreso**:
 - requisito de 2 anos de antigüidade mínima desde o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira.
 - Ao persoal de **promoción interna ou integración**:
 - computaráselle os servizos prestados no posto de procedencia aos efectos do requisito dos 2 anos.
- Si estás en situación de **excedencia voluntaria por interese particular**:
 - despois de transcorrer o período mínimo de permanencia nesta situación.
- En calquera situación administrativa distinta das anteriores que permita a participación no concurso de traslados de acordo coa normativa aplicable

Quen está obrigado a participar?

Si es funcionario de carreira dos corpos e escalas de Administración especial obxecto desta convocatoria, e te atopas:

- **A dispor.**
- **Adscrito provisional.**
 - Si **incumpres** esta obriga serás declarado en **excedencia voluntaria por interese particular**.
 - A data de referencia: a da situación administrativa no día da publicación da convocatoria do concurso no DOG.
- Adscrito **por motivo de saúde ou rehabilitación** a un posto **en distinta localidade** na que tes o teu destino definitivo.
 - Estás obrigado a solicitar **todos os postos adecuados ao teu corpo, escala ou especialidade**, situados na **mesma localidade** do posto ao que estás **adscrito provisional**.
 - O incumprimento da obriga determinará o cesamento no posto no que figures adscrito.



Quen non
pode
participar?

O PERSOAL FUNCIONARIO DOS CORPOS E ESCALAS DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL E ESCALAS DA AGRUPACIÓN PROFESIONAL DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA C.A. DE GALICIA:

- Nomeado con carácter **provisional** consecuencia da resolución de procesos selectivos.
 - Serás convocado á elección de destino tras a resolución deste concurso.
 - Atenderase á orde de prelación que obtiveses no proceso selectivo.
- Si estás en **suspensión firme**, mentres dure a suspensión.





POSTOS OFERTADOS

PUBLÍCANSE NO ANEXO I e no seguinte enderezo:

[https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados/.](https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados/)

- Podes **solicitar por orde de preferencia** os postos do anexo I.
 - Engadiranse as **potenciais resultas** consecuencia das solicitudes de participación presentadas.
 - **Resultas**: os postos de traballo cuxo sistema de provisión sexa o concurso ordinario e que estivesen ocupados con carácter definitivo por aquelas persoas participantes que obteñan posto consecuencia da adxudicación do concurso.
 - Incluiranse, tamén como **potenciais resultas**, os postos que teñan **adscrito** persoal funcionario por **motivos de saúde ou rehabilitación**.
 - Quedan condicionada a adxudicación a que a persoa adscrita obteña posto na resolución do concurso.

A. de necesaria valoración

1. Antigüidade (valoración de servizos a razón de 0,02 puntos/mes)	7,5
2. Galego (Celga 4: 2 ptos // Celga 5 –LAG Medio: 2,75 ptos // LAG Superior: 3,5 ptos)	3,5
3. Traballo desenvolvido	3,5

B. Outros méritos valorables

1. Méritos específicos adecuados ás características do posto de traballo	2,00
--	------

1. Estar en posesión da titulación que se menciona especificamente	1
2. Lingua estranxeira que se especifique	1
3. Permiso de conducir valorable para o desempeño do posto	0,75



2. Grao persoal consolidado	4
3. Cursos de formación e perfeccionamento	5
4. Titulación académica (distintas as requiridas no ingreso)	

Graduaado en Eso ou equivalente 0,2

Bacharel ou equivalente 0,4

Técnico Superior 0,5

Grao ou equivalentes (Nivel 2 MECES) 0,6

Master ou equivalentes (Nivel 3 MECES) 0,8

Doutoramento 1

5. Permanencia, conciliación e igualdade	3,5
--	-----

Cada mes (30 días) de servizos dende a última adxudicación definitiva dende a que se participa 0,01

Postos na localidade residencia familiar da/o concursante, co seu cónxuxe ou parella de feito ou dos seus fillos menores de 18 anos, sempre que non teña destino definitivo na mesma localidade	0,5
---	-----

Postos na localidade do domicilio da persoa dependente respecto da cal a persoa participante fose nomeada coidadora, sempre que non teña destino definitivo nesa mesma localidade	0,5
---	-----

Ter gozado de excedencia para coidado de fillos/as ou familiares nos 5 anos anteriores ao remate da solicitude 0,01

6. Polo subgrupo desde o cal participe a persoa concursante: A1: 4 // A2: 3,25 // C1: 2,5 // C2: 1,75	
---	--

Sobre o baremo:



- A orde de prioridade para a adxudicación das prazas determinarase pola puntuación obtida de acordo co baremo anterior.
- Todos os méritos e requisitos contemplados na base III computaranse ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso.
- Os distintos apartados da base III non se valorarán como mérito cando figuren como requisito imprescindible para acceder ao posto.
- **Cráterios de desempate:**
 - 1º: no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino na escala e especialidade, terá preferencia a muller
 - 2º: terán preferencia aquelas persoas funcionarias de carreira que estean adscritas con carácter provisional na data de publicación da convocatoria
 - 3º: atenderase á puntuación outorgada nos méritos de necesaria consideración
 - 4º: decidirá a maior antigüidade na Administración.

De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e, de ser igual, polo segundo, a partir da letra **F** resultante no sorteo que tivo lugar o día 21 de xaneiro de 2025.

En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

Tramitación electrónica:

OBRIGATORIEDADE DE
REALIZACIÓN DE TODOS OS
TRÁMITES POR MEDIOS
ELECTRÓNICOS:

- [Lei 39/2015: artigos 12 e 14](#)
- [Decreto 151/2022](#)

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (DE PARTICIPACIÓN E DE ELECCIÓN DE POSTO):

- Para participantes da Xunta de Galicia **en servizo activo**:
 - <https://portax.xunta.es>
- Para participantes en calquera **situación distinta á anterior**:
 - <https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados>

• PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADICIONAL Á SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN POR CONCILIACIÓN OU ADAPTACIÓN DE POSTOS (BASES III.B.5.2 ,V.4, V.5):

- **Documentos electrónicos, se a documentación adicional son:**
 - Documentos electrónicos asinados electronicamente e/ou
 - Copias electrónicas auténticas.
 - **a través do procedemento PR004A ou outro rexistro electrónico doutra admon pública.**
 - **Admítese outros sistemas como CHAVE 365, e credenciais dos directorios corporativos.**
- **Orixinais en papel:**
 - **Oficinas de Rexistro da Xunta e demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015.**



TODA A DOCUMENTACIÓN DIRIXIRASE Á:

DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL



PASOS PARA REALIZAR A SOLICITUDE: prazo **23/07/25 a 13/08/25**

Na solicitude electrónica debes facer constar os datos persoais e administrativos da túa situación actual e as condicións de participación.

- **1º cubre todos os datos que aparecen no formulario**
- **2º valida e confirma os datos.**
- **3º presentar electronicamente seguindo as instrucións que da o sistema.**
- Proporcionar un enderezo electrónico de contacto:
 - corporativo (xunta.gal) ou outro.
 - Si es persoal integrado en máis dun corpo ou escala **SÓ** podes participar nunha delas, á túa elección, e podes presentar unha única solicitude, de presentar máis dunha, só se terá en conta a última.

PERSOAL CON DISCAPACIDADE:

- Pode solicitar a adaptación do posto ou postos na fase de elección de destino, debe acompañar no momento da solicitude: informe do órgano competente na materia que acredite a procedencia da adaptación.

SUPOSTOS DE CONCILIACIÓN:

SOLICITUDES
PARTICIPACIÓN E
DOCUMENTACIÓN
QUE DEBE
ACOMPañAR: *2



- Documentación a presentar **NO MESMO PRAZO de presentación de solicitude de participación:**
- Si **non tes destino definitivo** na **mesma localidade** na que se sitúa a **residencia familiar** co teu cónxuxe ou parella de feito ou dos teus fillos menores de 18 anos debes achegar orixinal ou copia auténtica da seguinte documentación:
 - a) **Certificado de empadramento** válido onde conste a identificación dos membros da unidade familiar e que acredite unha **residencia mínima de tres meses** respecto á **data de finalización do prazo** de presentación de **solicitudes** de participación, e
 - b) **Certificado de matrimonio ou acreditación de ser parella de feito**, de ser o caso, ou
 - c) **Certificado de nacemento do fillo ou filla** menor de 18 anos ou **copia auténtica do libro de familia**, de ser o caso
- Si es **coidadora dunha persoa dependente** e que non tes destino definitivo na mesma localidade do domicilio desta, debes achegar orixinal ou copia auténtica da seguinte documentación:
 - a) Certificación, do órgano competente para resolver o nomeamento como persoa coidadora, no que conste o dito nomeamento e data de efectos, así como o nome e residencia da persoa dependente.
 - b) Certificado de empadramento válido da persoa dependente que acredite unha **residencia mínima de tres meses** respecto á **data de finalización do prazo** de presentación de **solicitudes** de participación.
 - c) Certificado de fe de vida e estado ou certificado médico que acredite o estado da persoa dependente

NO SUPOSTO DE QUE AS **CERTIFICACIÓNS NON SE EMITISEN EN PRAZO** POR CAUSAS ALLÉAS Á PERSOA CONCURSANTE, DEBES PRESENTAR **XUSTIFICACIÓN DE TELAS SOLICITADO** EN TEMPO E FORMA. **ADMITIRASE A PRESENTACIÓN ATA A FINALIZACIÓN DO PRAZO DE RECLAMACIÓNS ÁS LISTAXES DE PUNTUACIÓNS PROVISIONAIS**

SOLICITUDES
PARTICIPACIÓN E
DOCUMENTACIÓN
QUE DEBE
ACOMPañAR: *3

VINCULACIÓN
DAS
SOLICITUDES

CONCURSO
DESERTO

SOLICITUDE CONDICIONADA:

- Por razóns de convivencia familiar, dúas persoas concursantes que sexades cónxuxes ou parella de feito no suposto de que esteades interesadas nos postos para un mesmo termo municipal, podedes condicionar a vosa petición ao feito de que as dúas obteñades destino nel e, en caso contrario, entenderanse anuladas as peticións efectuadas por ambas.
- As persoas concursantes que vos acollades a esta petición condicionada deberedes:
 - Facelo constar na vosa solicitude de participación.
 - Achegar no prazo de presentación da solicitude de participación un certificado de matrimonio ou acreditación de ser parella de feito

A SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN:

- Vinculará á persoa solicitante.
- Non obstante, **poderase renunciar** a participar no concurso en calquera momento **ata os 10 días seguintes** ao da **publicación das puntuacións provisionais no DOG**. Transcorrido o dito prazo non se admitirá ningunha renuncia agás erro manifesto do solicitante apreciado pola Administración.



PODERASE DECLARAR DESERTO UN CONCURSO:

- No caso de que **non existan solicitudes de participación para unha ou varias escalas ou especialidades convocadas**, poderase declarar deserto o concurso para elas e continuar o procedemento para o resto de escalas ou especialidades ofertadas.

SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS DE TRABAJO:

1*



- Os postos ofertados son os publicados no Anexo I da resolución de convocatoria.
- **Rematado o prazo de presentación de solicitudes**, publicarase no DOG A **APERTURA DUN PRAZO DE 15 DÍAS HÁBILES** para a **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS**.
- Ademais dos do anexo, **engadiranse as POTENCIAIS RESULTAS**, publicaranse en:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados/>

- **Persoal a dispor ou en adscrición: 1***

- Está obrigado a:
- **solicitar todos os postos** adecuados ao seu corpo, escala ou especialidade situados en:
 - localidades que se atopen á distancia de ata 30 quilómetros respecto da localidade do posto que ocupou con carácter definitivo ou,
 - á súa elección, da localidade do posto a que estea adscrito provisionalmente
 - **Esta elección deberase manifestar expresamente na solicitude de elección de postos** de traballo
- A relación das localidades distantes 30 quilómetros segundo o punto de orixe recóllese:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/procedementos-aplicables-ao-persoal-funcionario-e-ou-laboral/concursos-traslados>

- **Pode solicitar:**
 - Ademais dos que está obrigado, calquera outro posto ofertado para o que cumpra os requisitos.

SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS DE TRABALLO: 2*



• **Persoal a dispor ou en adscrición: 2***

- Quen cumprindo a obriga de participar non obteña posto incluído na súa solicitude, adxudicaráselle pola DXEPAP **de oficio e con carácter definitivo**, entre os que queden vacantes, tendo en conta a **puntuación** obtida e o número de **secuencia dos postos ofertados**.
- Adxudicación, realizarase:
 - Atendendo á puntuación obtida pola persoa funcionaria segundo o baremo aplicable, realizarase **segundo o criterio contido no primeiro parágrafo deste punto polo cal non optase** (localidades á distancia de 30 quilómetros da localidade do último posto que ocupou con carácter definitivo, ou ben localidade do posto a que estea adscrito provisionalmente).
 - No caso de que tampouco obtiver un posto de acordo co citado criterio, a adxudicación realizarase ao **posto vacante na provincia do último que ocupou con carácter definitivo** ou **do posto a que estea adscrito provisionalmente**.
 - Finalmente, en defecto do anterior, e para unha adecuada cobertura de postos con carácter definitivo, seguirase a **orde de prelación dos postos ofertados que quedasen vacantes** na correspondente convocatoria, a excepción dos de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia

SOLICITUDES DE ELECCIÓN DE POSTOS DE TRABALLO:



• TRÁMITE DE ELECCIÓN DE POSTOS:

Seguir o indicado na presentación de solicitudes, debes:

- **Cubrir todos os datos** que aparecen na pantalla e
- **Indicar por orde de preferencia** os postos aos que optas no concurso.
- **Podes combinar e intercalar** os do **anexo** coas **potenciais resultas**.
- Paso final: **VALIDAR E CONFIRMAR A SOLICITUDE DE POSTOS**.
- **Certificación negativa** do **Rexistro Central de Delincuentes Sexuais**, para postos que comportan trato repetido, directo e regular e non meramente ocasional con nenos, nenas ou adolescentes.
- **Entenderase que desistes** da túa solicitude de participación si formulada unha solicitude de participación pero **non presentas unha solicitude de elección de postos** de traballo
- As solicitudes de elección de postos **vincularán ás persoas** solicitantes.
- A adxudicación dos postos efectuarase nun **proceso de asignación único** que incluírá todas as prazas ofertadas.
- Só se pode ser **adxudicataria** daqueles postos para cuxo desempeño reúnan os **requisitos** establecidos na correspondente **RPT** recollidos no **anexo** e nas **potenciais resultas**.
- A **adxudicación dun posto de resultas** estará **condicionada** a que o dito posto sexa de **necesaria cobertura**.



XUSTIFICACIÓN DE POSESIÓN DE MÉRITOS E REQUISITOS:

DEBES POSUÍLOS NA DATA DE FINALIZACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:

DÍA 13 DE AGOSTO DE 2025

- **Podes xustificar** a posesión de méritos e requisitos para a súa baremación ata o último día do prazo de solicitudes de elección de postos.
- **Debes acreditarlos polo procedemento** da Resolución do 5 de decembro de 2023. Non se terán en conta os que non se presenten de acordo con este procedemento.
- **Consideraranse** (méritos e requisitos) que **xa consten no teu expediente** persoal electrónico, referidos á data de presentación de solicitudes de participación (**31/07/2025**) e se incorporasen no expediente ata o último día de prazo de solicitudes de postos de traballo.

SI ES SOLICITANTE DE POSTOS QUE IMPLIQUEN CONTACTO HABITUAL CON MENORES DE IDADE:



- Debes acreditar unha certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos, para iso:
 - Podes autorizar á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal para recadar o certificado negativo no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos segundo o formulario dispoñible en <https://xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados/consulta> que deberán incorporar ao seu expediente persoal electrónico, epígrafe doutros méritos da canle de emprego público de Galicia (Fides).
 - De non autorizar a consulta, debes achegar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais ao teu expediente persoal electrónico, na epígrafe doutros méritos da canle de emprego público de Galicia (Fides).
- A existencia de antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos, ou a non xustificación da certificación negativa, comportará a imposibilidade legal de adxudicación dos postos que impliquen contacto habitual con persoas menores.
- A **relación de postos que precisan esta certificación negativa** publicárase na web corporativa da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, no enderezo:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/concurso-de-traslados/>



LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS:

- **Rematados os prazos** de presentación das solicitudes de **participación** no concurso e de **petición de postos** de traballo, a DXFP ditará **resolución** que se publicará no DOG na que se declararán aprobadas as listas de **persoas admitidas e excluídas** con indicación do lugar no que estarán a disposición das persoas interesadas.
- As persoas **excluídas** disporán dun prazo de **10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder **emendar** o defecto que motivase a exclusión, de ser o caso.
 - O formulario de reclamación estará á disposición das persoas interesadas no portal web corporativo da DXEPAP e deberá cubrirese e presentarse electronicamente.
- **Transcorrido o dito prazo** a consellería ditará a **resolución definitiva** de persoas admitidas e excluídas.

COMISIÓN DE VALORACIÓN:

- A valoración dos méritos será efectuada pola **comisión de valoración** que prevé o artigo 15 do Decreto 151/2022, coa composición establecida nel.
- A **proposta de adxudicación** dos postos de traballo ofertados recaerá sobre a persoa **concurante** que obtivese **maior puntuación** conforme ao **baremo** establecido na **base III**, así como, se é o caso, conforme aos **criterios de desempate** fixados na **base III.3**.
- Despois de efectuar a proposta de valoración provisional dos méritos esta farase pública no DOG mediante resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública.
 - Contra esta resolución haberá prazo de **reclamación de 10 días hábiles**.
- Examinadas as reclamacións elevarase proposta definitiva de resolución do concurso.
- A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas contra a valoración provisional estarán implícitas cos resolución pola que se resolva o concurso.



ADXUDICACIÓN DE DESTINOS:

- Os **destinos adxudicados** serán **irrenunciabes salvo** que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se **obteña outro** destino mediante convocatoria pública, polo procedemento de **LD ou por concurso**,
 - casos nos que poderán **optar** entre os postos adxudicados, estando **obrigados a comunicar** por escrito a opción seleccionada á DXEPAP no prazo de **3 días seguintes ao da publicación** no DOG da resolución pola que se abren **prazos posesorios**.
- Os traslados que se deriven da resolución do presente concurso terán a consideración de voluntarios polo que, en consecuencia, non xerarán dereito á **indemnización**.



TOMA DE POSESIÓN

- A toma de posesión en todos os postos adxudicados como consecuencia da resolución do concurso **efectuarase a partir da data que se faga constar na resolución deste e iniciará o cómputo dos prazos posesorios** establecidos no artigo 8 do Decreto 151/2022